

Acta número 14/2006, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Víncent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Antón Losada Trabada

C.Presidencia, administracións públicas e xustiza

Ramón del Valle López

Beatriz Rodríguez Fraga

C. Sanidade.- SERGAS

Antonio José Fernandez Paniagua

C.Pesca e Asuntos Marítimos

Miguel Ángel López Sieiro

Mª Mar Pousa Cobas

C. Economía e Facenda.- IGE

José Colino Sueiras

Rosa Elvira Fernández González

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte

María Chas de la Calle

C. Medio Rural. – FOGA

Ascensión Labella Lozano

Jorge Atán Castro

C. Cultura e Deporte

Miguel Ares Casal

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Jorge A. Santiso Blanco

Maria Lourdes Batán Aira

C.Traballo

José Vázquez Portomeñe

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG

Manuel Gallardo Canitrot

CC.OO.

José Emilio Doforno Guzmán

Pedro Méndez Gil

UGT

Rosario Valledor Puente

Antonio Pais Andrade

Enrique Fernández Pérez

CSI-CSIF

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

Ginés García Bugallo

En Santiago de Compostela, sendo as trece horas do día vintedous de decembro do ano dous mil seis, reúnense en sesión ordinaria, no salón de actos Manuel Colmeiro da EGAP , as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso da acta 13/2006 correspondente á sesión anterior.

Apróbase por unanimidade a acta 13/2006 correspondente a sesión anterior.

Punto segundo: Proposta de modificación da RPT da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A directora xeral da Función Pública manifesta que se presentan pola Vicepresidencia unhas modificacións en relación á proposta presentada na mesa xeral; que se fai entrega nesta comisión aos asistentes na mesma.

O secretario xeral da Vicepresidencia fai un resumo da motivación da reforma da RPT que afecta a un total de 3575 postos de traballo (2843 de persoal laboral e 732 de persoal funcionario) no que se crean un total de 140 novos postos que teñen como finalidade a dotación dos servizos sociais galegos, coa finalidade de que este sexa un primeiro paso nesa tendencia de incremento de persoal na Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

O representante da CIG manifesta:

Que vota favorablemente a esta proposta de modificación de RPT.

Que agradece o esforzo negociador da Vicepresidencia, no que se recollen moitas das propostas da CIG.

Solicita que se negocie cara ao futuro os postos de LD da inspección.

Que entenden que se require demasiada titulación en postos do grupo A.

O representante de CCOO manifesta:

Que se absteñen, pero dunha forma positiva, nesta modificación de RPT agradecendo os esforzos na negociación que fixo a vicepresidencia nesta modificación de RPT.

Piden criterios homoxéneos para todas as circunstancias parecidas que se dean, solicitan a aplicación das sentenzas no tema económico fundamentalmente en relación aos pluses do persoal laboral así como ao cumprimento das ratios de persoal nos distintos centros, e piden que se inclúan todas as prazas creadas.

A representante de UGT manifesta:

Que se absteñen na presente proposta aínda que son favorables a casi todos os puntos da mesma, e solicitan que quede constancia do avance que houbo na negociación desta.

Entenden que as habilitacións e os postos de inspectores non deben ser provistos mediante libre designación entendendo que este punto decanta o seu voto no senso antes sinalado.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que se absteñen na presente modificación de RPT derivado do informe da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas e non por outros motivos derivados da negociación da Vicepresidencia (o tema viña dado pola non apertura de postos a funcionarios e laborais a vez).

Punto terceiro: Proposta de Modificación da RPT do Instituto Galego de Estatística (IGE).

A representante do instituto fai unha explicación da modificación da súa RPT.

O representante da CIG manifesta:

Vota negativamente a presente proposta fundamentalmente pola situación dos enquisadores con xornada especial sen emolumentos complementarios, e preguntan se o conductor non o é xa do grupo III ao selo de alto cargo.

O representante de CCOO manifesta:

Vota negativamente polas mesmas razóns que manifestou o representante sindical na anterior intervención, entendendo que o conductor o debe ser do III.63 e non do IV.16 e que as seccións non deben estar abertas so ao grupo C.

A representante de UGT manifesta:

Que vota negativamente a presente modificación de RPT polos temas xa apuntados na mesa xeral e que as seccións de informática deberían estar abertas aos grupos AB e C.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que votan negativamente e que as seccións de informática deberían estar abertas ao grupo C.

Punto cuarto: Proposta de modificación da RPT do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGA).

O representante do organismo autónomo comprométese a abrir os postos que están pechados ao grupo A.

O representante da CIG manifesta:

Que o seu voto é negativo por que se pechan os postos dos auditores e que a sección C debe abrirse os grupos A, B e C.

O representante de CCOO manifesta:

Que se absteñen, polo diploma de directivo, por que as seccións 22 deben ser 25, e a sección debese abrir ao grupo A.

A representante de UGT manifesta:

Que se absteñen por non estar de acordo coas seccións C que deben estar abertas aos

grupos AB e C, polo peche dos auditores aos grupos C e B, e as habilitacións provistas mediante libre designación que deberían selo mediante concurso.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que o seu voto é negativo polo peche a especial das prazas, e que as seccións C hai que abrilas a A e B e subilas a nivel 25.

Punto quinto: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O representante da CIG manifesta:

Que votan negativamente a presente modificación.

Que se retire esta modificación polo tema dos gardacostas de Galicia.

Que as delegacións comarcais se abren a docentes por coñecer xa aos seus titulares.

O representante de CCOO manifesta:

Que o seu voto é favorable.

Solicitan un pronunciamento inequívoco da Consellería de Pesca sobre o persoal de INTECMAR no sentido de que van a formar parte do da estrutura administrativa da Xunta de Galicia.

A representante de UGT manifesta:

Que o voto é negativo.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que o seu voto é positivo.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás quince horas dez minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE

A PRESIDENTA

DOU FE

O SECRETARIO

Asdo.:M^a del Mar Rodriguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.